

A vida unha mazá

Poesía Sentido canto de amor a Xuvia como terra primixenia

No mes de outubro, o mundo literario galego choraba a morte de Ramiro Fonte salientando a presenza significativa que o seu Eume natal tivo sempre na súa obra onde se constitúe en columna, eixo, centro irrenunciable dos poemas e da narración. Este risco, tamén compartido por Vicente Araguas, coetáneo seu, dá orixe a *Xuvia revisitada* (Colección Esquíu de poesía, 2008), un sentido canto de amor á terra primixenia, a da nacemento, que o viu recoller emocionado no verán a dignidade de Fillo Predilecto de Neda e a Insignia de Ouro

de Ferrol. Neste libro, volta Araguas ás paisaxes nunca abandonadas da infancia para emprender unha nova reconstrución do pasado tendo como pauta non caer no sentimentalismo vacuonín na idealización banal. Polo tanto, a infancia non é vista como un paraíso perdido senón como unha época biográfica chea de luces e sombras que se recrean sen traumas, logrando un difícil equilibrio entre tenrura e gratitude, por un lado; realismo e crueza, polo outro. O tempo é o verdugo que embaza os recordos coa súa pátina amarela baixo a cal desaparecen

os lugares e as caras, por iso o eu emprende un duplo percorrido –xeográfico (o Portazgo, Empedrón, Toeileira, as pontes e os ríos de Xuvia e Neda, a praia Pantope, o monte de Ancos presa do lume) e sentimental (familiares, amigos, nenos, transeúntes)– que lle permite iluminalos outra volta fixándoos para sempre. E así, como di no prólogo Verónica Palomares, “é este libro a memoria poética dun escritor, un álbum fotográfico que inscribe as súas imaxes na materia verbal do poema. Asistimos aquí ao prodixio dunha mirada que outorga unha nova existencia a todo o pasado, deténdoo nun tempo novo”, porque “somos pasado que non desexa arder”, senón reiniciarse.

En *Xuvia revisitada*, o tráxico mestúrase coas descubertas nunha perfecta simbiose que axuda a

Xuvia revisitada ·
Vicente Araguas ·
Sociedad de Cultura
Valle-Inclán, 2008 ·
72 páx · 7 euros



crear unha imaxe poliédrica da infancia do eu. Así, a nena afogada na praia e os milicianos de 1940 conviven cos guateques, os xogos infantís, os primeiros amores, pero tamén existe unha dimensión cotiá representada polos moinantes e as peixeiras que vocean a súa mercadoría, pola familia que sobrevive nos duros anos da posguerra, polos veráns de praia e máquinas voadoras, por tantos “ríos de orelas libertarias”... todos eles reunidos neste monillo de poemas que son “flores

da memoria” enumeradas polo eu coa voz rota de emoción como “con pulmóns de cativo que remonta a cucaña”. A palabra, outra volta, é a forza que preserva todo o pasado, que o purifica da súa negritude para impregnalo da gratitude filial que o poeta lle profesa a unha Xuvia onde “todo vai collendo tona sentimental / e pausada como escribir de amor en cebolas / que estamos abrindo de vagariño/ capa a capa”, poema a poema. Finalmente, conclúese que é “a vida unha mazá / para papar de présa”. Por iso, antes que mirre e se nos esfarele nas mans, denantes que o tempo exerza sobre ela toda a súa contundencia implacable, debemos agarimala como un tesouro digno de ser gravado na memoria máis sensitiva.

// Teresa Seara